

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FEDERACIÓN ALCER GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN PSICOSOCIOEDUCATIVA EN MENORES CON ENFERMIDADE RENAL CRÓNICA EN GALICIA (PROGRAMA MEDRO CON ALCER) NO ANO 2023.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO USO DO INSTRUMENTO CONVENCIONAL E DA IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA

O director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude formaliza xunto coa Federación Alcer Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2023. Non obstante, abrangue igualmente as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular o marco da colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Federación Alcer Galicia no desenvolvemento dun proxecto de intervención psicosocial con menores con enfermidade renal crónica en Galicia, Programa Medro con Alcer, que ten como finalidade a intervención psicosocial, apoiando e acompañando ás familias para mellorar a súa calidade de vida dentro do seu proceso de adaptación e convivencia coa enfermidade renal crónica, tratando de minimizar as posibles dificultades derivadas do coidado, así como adaptarse á enfermidade e mellorar o seu benestar social, establecendo bases sólidas de coordinación entre todas as partes implicadas na atención, dentro dos procesos de atención sociosanitaria, a persoas menores con enfermidades renais crónicas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende desenvolver a través da Federación Alcer Galicia un proxecto de intervención psicosocial cos menores con enfermidades renais crónicas e as súas familias, denominado Programa Medro con Alcer, de intervención en menores de 16 anos e as súas familias.

A Consellería de Política Social e Xuventude ten atribuídas competencias de intervención na materia obxecto da colaboración ao abeiro do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica e a Federación Alcer Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que ten o obxectivo básico a mellora da calidade de vida das persoas que padecen enfermidade renal crónica (ERC) e garantir a igualdade no acceso aos servizos sociosanitarios.

O artigo 1 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, regula a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer ás familias e aos seus membros, e, en especial, aos nenos e ás nenas e aos e ás adolescentes, neste caso, en colaboración cunha entidade social con recoñecida experiencia e formación neste ámbito.

Tendo en conta o carácter específico das intervencións obxecto do programa subvencionado e a focalización deste no eido familiar, resulta imposible promover a concorrència para a esta subvención, pois esta entidade é a única entidade que desenvolve unha actividade deste tipo e por tanto a canle máis idónea para que a consellería acade estes fins. Deste xeito, o proxecto cumpre por tanto, cos seguintes requisitos establecidos nos artigos 2 e 19.4, letra c) da Lei



9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular, segundo establece este último artigo, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

